

De 9 a
12 anos

3. O noticiario dos meus dereitos

TODAS SOMOS
IGUAIS

60'



Materiais necesarios

→ Noticias. Anexo



→ Dispositivo móbil para realizar
pequena grabación (opcional)

→ Ficha de conclusións



1/3



Artigos CDN para a actividade

Artigo 2 NON DISCRIMINACIÓN

Os mozos e mozas que son discriminados ou intimidados por razón da súa cor, sexo, idioma, nacionalidade, orixe étnica, posición da súa familia, actividade, opinións ou relixión teñen dereito a ser protexidos.



Desenvolvemento

Antes de iniciar a actividade, ou ben de maneira simultánea durante o desenvolvemento, propónse realizar un achegamento ao concepto de **discriminación***, adaptando o seu contido á idade destinataria para poder abordar o cumprimento deste dereito.

Elixir unha noticia de entre todas as facilitadas no anexo e lela en alto.

Debater en grupo as seguintes preguntas facilitadas polo equipo educador:

- Ocorreu algo parecido a ti ou a alguén que coñeces? Como te sentiches?
- Crees que se discrimina* a nenos e nenas por ser diferentes?
- que cousas se che ocorren que podamos facer ante isto? Vós como mozos e mozas, pero sobre todo os adultos.

Tras a posta en común e de maneira opcional dependendo das características do grupo, poderase converter a noticia de maneira que o relato conte como debería ser se non se dese esa discriminación, ou como se resolve para que se cumpra o seu dereito.

De maneira opcional propónse realizar a gravación desa noticia a modo telexornal.



Se non poden realizarse de maneira presencial ou conectarse en grupo

Esta actividade pode ser realizada de maneira individual sen conexión a internet facilitando esta ficha aos e ás participantes e realizando a recollida das súas reflexións e respostas expostas, así como a noticia transformada (recollendo o cumprimento do seu dereito) de maneira transcrita.



Apoio para o equipo educativo

As noticias foron seleccionadas para abarcar diferentes colectivos. Pode ser elixida polo equipo educador ou polo propio grupo de participantes.

As noticias admiten moitas máis cuestións dependendo da elixida que poden ser expostas ao grupo. Animámosvos a abordar todas as que consideredes interesantes para o desenvolvemento do debate grupal.



Conclusións a recoller

- Que cousas ocorrenselles que pode facer a sociedade e goberno para evitar e protexer ante a discriminación?

Lembra trasladar o recollido neste apartado á ficha de conclusión

De 9 a
12 anos

3. O noticiario dos meus dereitos

TODAS SOMOS
IGUAIS

60'

2/3



ANEXO Noticia 1

Un árbitro obriga a un neno deixar de xogar un o partido de fútbol por levar audífono

O Club de fútbol CD Contestano foi o protagonista da fin de semana por algo que sucedeu nun dos seus partidos. Un dos seus xogadores utiliza un audífono para xogar os partidos xa que que sen eles non pode escoitar, pero a pasada fin de semana un árbitro obrigoulle a quitalo ou non podería continuar xogando o partido.

O seu clube de fútbol, o CD Contestano, quixo contar o que pasou e denunciar que o seu xogador, de 14 anos, foi discriminado.

Noticia adaptada de www.eldesmarque.com



ANEXO Noticia 2

Realizan unha pintada racista na casa da menor denunciada en Muskiz

A familia denuncia que, durante a noite, pintaron a frase "Xitanos Fóra" na fachada da súa vivenda.

A nai da menor non nega o mal comportamento da súa filla pero cre que se está esaxerando a situación ata o punto de culpala de todo o que ocorre no pobo.

A súa filla denuncia que está a ser ameazada a través de Instagram A familia da moza tamén presentou denuncia por acoso no colexio a unha irmá de 13 anos.

A nai di que a adolescente de 16 anos de idade; acusada de roubar, agredir e ameazar a outros rapaces de Muskiz, aínda non foi xulgada e que ninguén pode tomarse a xustiza pola súa man.

Noticia adaptada de tv7. Tv



De 9 a
12 anos

3. O noticiario dos meus dereitos

TODAS SOMOS
IGUAIS

60'

3/3



ANEXO Noticia 3

Futuro en xogo: nenas e nenos en España que crecen sen papeis

Máis de 147.000 nenas e nenos viven sen documentación e sen acceso a dereitos en España, segundo unha investigación da Fundación por Causa e Save the Children.

Sady ten 15 anos, leva cinco vivindo en España. Chegou de Paraguai coa súa nai, Elsa, e acaban de conseguir o permiso para vivir en España, pero aínda non teñen os papeis que din que agora tamén son de aquí. Por isto, Sady non pode saír do país sen a súa nai. Esta é unha das cousas que lle lembra que é unha nena migrante. Cando estaba en sexto de primaria, o seu colexio organizou a viaxe de fin de curso a un pobo de Francia, moi preto de Jaca, onde residen, pero Sady non puido ir. "Entón non o entendía, agora si", explica esta moza. "Por entón botábame a culpa a min", engade Elsa. "Viñanme os seus amigos e dicíanme que Sady tiña que ir, pensaban que eu non lle deixaba. Un día dixerlles que Sady non tiña en orde os papeis e un crío dicíame 'pois ve á librería e arránxalos e así pode vir connosco'; non o entendían, claro, que van entender".

Agora Sady comprende que pasa e sabe que a súa nai non ten a culpa, pero segue sufrindo. "Estás nunha clase na que todo o mundo está a falar do ben que o pasou na viaxe e sénteste moi mal, porque ti non estiveches, non participaches e estás mal. Agora xa están a planear outra viaxe para cando terminemos o curso e voumo a volver perder... Aínda que igual coa pandemia non podemos ir", explica Sady. (...)

Para nenos e nenas que están como Sady, o non ter a súa documentación inflúe en como se relacionan co resto da súa clase; pero tamén as súas familias quedan excluídas e, a miúdo, non poden pedir as bolsas para os estudos ou axudas para comprar libros ou material escolar. (...)

Texto extraído e adaptado da noticia completa, fonte www.publico.es